



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### MUGARDOS

*Anuncio da resolución das solicitudes de exencións nas taxas de auga, lixo, sumidoiros e EDAR 2022 para os efectos de notificación colectiva*

**Anuncio da resolución das solicitudes de exencións nas taxas de auga, lixo, sumidoiros e EDAR 2022 para os efectos de notificación colectiva.**

A resolución da Alcaldía 355 do 20/04/2022 aprobou a lista definitiva das concesións, denegacións e desestamentos das solicitudes de exención nas taxas de auga, lixo, sumidoiros e EDAR 2022, que estará a disposición das persoas interesadas no taboleiro de edictos do Concello de Mugardos e na sede electrónica a partir do día seguinte da publicación do presente anuncio no BOP

Contra o dito acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá vde. interpoñer potestativamente o recurso de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da presente notificación (publicación no BOP), segundo establecen os artigos 123.1 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Se interpón o recurso de reposición non poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lle teña notificado resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñer o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ó da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou no prazo de seis meses contados dende o día seguinte ó de aquel en que se produza o acto presunto.

Non obstante, poderá impugnar directamente o acto que se lle notifica ante o orde xurisdiccional contencioso-administrativo (artigo 123.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro). A tal efecto poderá vde. interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, ante o Xulgado de Contencioso Administrativo de Ferrol.

Así mesmo, poderá vde. utilizar calquera outro recurso que estime pertinente.

Asinado polo concelleiro Delegado de Facenda, Persoal e Participación cidadá, Jose Miguel Mahía Prados (Delegación da Alcaldía: R.A. 536 de 24/05/2021) o 20/04/2022 tal e como se indica no panel de sinaturas.

2022/2105